



RESOLUCIÓN PROVISIONAL DE AXUDAS A CENTROS PRIVADOS CONCERTADOS PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE CONVERSA COA FINALIDADE DE MELLORAR A COMPETENCIA LINGÜÍSTICA DO ALUMNADO EN LINGUAS ESTRANXEIRAS

A Orde da Consellería de Cultura, Educación e Universidade do 29 de decembro de 2021, publicada no DOG do 21 de xaneiro de 2022, regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras.

Unha vez rematada a valoración das solicitudes pola Comisión de Valoración, de conformidade co establecido no artigo 11 da devandita Orde,

RESOLVO:

Primeiro-. Publicar no portal educativo www.edu.xunta.gal a proposta de resolución provisional dos centros beneficiarios e excluídos das axudas coa cantidade asignada a cada centro educativo (Anexo I).

Segundo-. Contra esta resolución poderanse efectuar reclamacións ou renuncias á concesión das axudas ante a persoa que exerza a presidencia da comisión no prazo de 10 días naturais a partir do día de publicación desta resolución provisional no portal educativo.

M^a Eugenia Pérez Fernández

Subdirectora xeral de Innovación, Orientación e Formación de Recursos Humanos

Para unha maior axilidade na xestión, prégase adiantar as posibles alegacións por correo electrónico ao enderezo edulinguas@edu.xunta.es. Non obstante, é preciso entregar a reclamación igualmente por rexistro electrónico.

